

E. González Seoane (2008): “Novas achegas ao proceso de elaboración do *Diccionario Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 113-122.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## NOVAS ACHEGAS AO PROCESO DE ELABORACIÓN DO *DICCIONARIO GALLEGO-CASTELLANO* DE ELADIO RODRÍGUEZ

**Ernesto González Seoane**

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Segundo puxemos de relevo nun traballo anterior<sup>1</sup>, o proceso de elaboración do *Diccionario Gallego-Castellano* ocupou seguramente máis de 20 anos. Ao longo deste período, Eladio Rodríguez compilou sen descanso materiais para a súa obra, elaborou o guión e acometeu o proceso de redacción. Non pode dicirse, porén, que don Eladio dese cabo propiamente á súa empresa. Pola contra, a análise dos materiais manuscritos conservados na Fundación Penzol e na Editorial Galaxia, que foron a base sobre a que se elaborou a edición póstuma que publicou a propia Galaxia entre 1958 e 1961, revela que o autor continuou traballando e reelaborando a súa obra mentres as forzas e a saúde non o abandonaron. Así, sabemos que, a pesar de que por diversas razóns as distintas tentativas de ver publicado o dicionario se viron frustradas, don Eladio non se deixou desanimar e seguiu recollendo materiais, tirados sobre todo do expurgo de textos literarios e etnográficos, coa intención de incorporalos á súa obra.

En calquera caso, xa naquel traballo detectabamos algúns indicios de que, ademais desta revisión permanente, que se traduciu na incorporación de novas voces e acepcións ou na ilustración destas con citas de autoridade, ER reformulou en varias ocasións o seu proxecto lexicográfico. Deste xeito, postulabamos a existencia de

---

1 María Álvarez de la Granja / Ernesto González Seoane (2001): “A elaboración do Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano”, en Departamento de Filoloxía Galega: *Eladio Rodríguez González. Día das Letras Galegas 2001*. Santiago de Compostela: Universidade, 23-212.

“tres versións manuscritas diferentes correspondentes a tres proxectos lexicográficos así mesmo distintos”. A primeira delas, que denominamos manuscrito I, sería probablemente a que serviu de base ás primeiras tentativas frustradas de publicación, a primeira en 1928 na editorial Nós e a segunda en 1933, con fondos dispostos polo Concello da Coruña. No citado artigo dabamos conta de que desta primitiva versión conservabamos só algunhas cuartillas soltas e un longo fragmento, datado precisamente en febreiro de 1933, correspondente á parte final da letra X. Despois desta data don Eladio acometería a redacción dunha segunda versión, de dimensións moito máis reducidas, que denominabamos manuscrito II. Finalmente, contra 1940, o noso autor abordaría aínda unha terceira redacción, que poderíamos chamar manuscrito III, na que, tomando como base o manuscrito anterior, se incorporarían os novos materiais que entre tanto fora recollendo. Esta terceira redacción, de acordo coa nosa hipótese, non chegaría a completala don Eladio. Deste xeito, o texto que Galaxia editou estaría en realidade formado por dous fragmentos de dous manuscritos diferentes, o que explicaría as notables diferenzas macro e microestruturais que presentan a primeira e a segunda metade do dicionario. Así, a súa primeira parte (cando menos da letra A ao F) correspondería á última redacción (manuscrito III), en tanto que a segunda parte (do G ao Z) pertencería ao manuscrito II, considerablemente máis breve.

Neste traballo propoñémonos revisar esta hipótese e achegarnos novamente ao proceso de elaboración do dicionario botando man dun instrumento que no traballo referido anteriormente non puidemos considerar coa atención debida. Referímonos aos textos riscados que figuran no reverso dunha boa parte das cuartillas que compoñen o manuscrito final. En efecto, cando Eladio Rodríguez acometeu a redacción da última versión do seu dicionario, no canto de empregar cuartillas en branco, aproveitou os reversos das cuartillas dun manuscrito anterior. Esta circunstancia afortunada permítenos achegarnos a uns materiais que, aínda que fragmentarios, constitúen un instrumento privilexiado para reconstruír a historia do proxecto lexicográfico de don Eladio e para coñecer as sucesivas reformulacións que este sufriu ao longo do seu dilatado proceso de xestación.

De entrada, podemos afirmar con toda seguridade que estes textos contidos nos reversos non son simples ensaios ou borradores de traballo, senón fragmentos dunha ou de varias redaccións primitivas do dicionario, algunha delas probablemente completa, segundo teremos ocasión de ver. Así, as súas características formais (caligrafía e presentación coidadas, disposición regular da información, indicacións tipográficas, etc.) son semellantes ás do manuscrito definitivo e revelan que era un texto concibido para levar á imprenta. Por outra banda, as numerosas correccións e anotacións marxinais que conteñen os textos foron posteriormente incorporadas ao manuscrito final. Aínda que son moitos os exemplos que se poderían aducir neste sentido, abondará

con que ofrezamos un par de mostras ilustrativas. Na voz *empeña* o manuscrito final omite a acepción “enjundia de la gallina, que más bien se llama *ensunlla*”, consignada inicialmente e logo riscada na redacción primitiva. Pola contra, na voz *empeñado* a versión contida nos reversos do manuscrito final presenta unha acepción, engadida con letra máis miúda aproveitando o espazo en branco existente entre esta voz e a seguinte (“dícese del aparejo de pesca lanzado al mar, que se halla en situación difícil por encontrar piedra en el fondo”). Esta acepción sería logo incorporada, con tamaño de letra normal, na versión definitiva, aínda que con algunha leve modificación da redacción e cun erro de lectura (“dícese del aparejo de pesca que se halla en peligro por encontrar tierra [sic] en el fondo del mar”). Como é natural, esta nova acepción, e con ela o erro de lectura, pasaría logo á versión impresa.

Esta redacción primitiva do dicionario contida nos reversos do manuscrito final corresponde ás letras da primeira parte do dicionario, concretamente ás comprendidas entre o A e o F. Como as cuartillas están numeradas, non resulta difícil realizar unha estimación sobre a súa extensión e, o que pode ser máis interesante, comparala coa da versión definitiva. Na seguinte táboa pode verse o número de cuartillas que compoñían cada unha delas e a proporción que gardan. A palabra indicada entre parénteses é a que figura en último lugar na última das cuartillas conservadas da versión primitiva. No caso da letra CH non nos foi posible realizar o confronto entre as dúas versións porque esta letra falta no manuscrito final:

LETRA	MS. PRIMITIVO	MS. DEFINITIVO	MS. PRIMITIVO / DEFINITIVO
A ( <i>azureira</i> )	2779	2878	96%
B ( <i>búzara</i> )	843	892	94%
C ( <i>cuzo</i> )	2999	2505	119%
CH ( <i>chuvisqueito</i> )	370	—	—
D ( <i>duradeiro</i> )	1996	1022	195%
E ( <i>exército</i> )	3238	1291	252%
F ( <i>furna</i> )	1454	578	251%

Unha atención especial merecen os restos da redacción primitiva da letra E, xa que neste caso é posible identificar dúas versións diferentes, anteriores ambas ao manuscrito final. Máis concretamente, as cuartillas correspondentes á primeira parte desta letra (cando menos o fragmento ECLIPSE-ERA) presentan dúas numeracións diferentes. A primeira delas, que forzosamente debemos interpretar como máis anti-

ga, aparece riscada e rectificada por outra. Neste fragmento atopamos tamén algunhas cuartillas con numeración única e outras con numeración refundida (por exemplo, unha cuartilla co número 237-238). Baseándonos naqueles casos en que a riscadura non impide ler a numeración antiga, podemos afirmar que esta era notablemente máis alta. Na seguinte táboa indícase o número de cuartilla en que as palabras consignadas na primeira columna figuran en cada unha das versións. A porcentaxe dá conta da proporción existente entre as versións primitivas e a definitiva:

PALABRA	MS. PRIMITIVO		MS. PRIMITIVO		MS. DEFINITIVO
	(num. antiga)		(num. revisada)		
<i>ensalada</i>	1157	262%	827	187%	441
<i>enxalmar</i>	1461	253%	1058	183%	577
<i>epíteto</i>	1627	259%	1161	185%	627

Pola contra, na segunda parte desta letra (fragmento ESBURRUALLADO-EXÉRCITO), contamos con cuartillas cunha soa numeración, pero procedentes de dúas versións diferentes, unha máis antiga, con numeración concordante coa numeración riscada da primeira parte da letra, e outra máis moderna, que continuaría a numeración revisada. Para algúns fragmentos dispoñemos mesmo das dúas versións:

PALABRA	MS. PRIMITIVO		MS. PRIMITIVO		MS. DEFINITIVO
	(num. antiga)		(num. revisada)		
<i>estoírar</i>	2838	243%	2104	180%	1167
<i>européu</i>	3174	249%	2258	177%	1273 (europeo)
<i>exército</i>	3238	252%	2288	177%	1291

Á vista destes datos, semella que Eladio Rodríguez elaborou inicialmente unha primeira versión da letra E, que debía ter de media unha extensión 2,5 veces superior á do manuscrito final. Logo, partindo dela, tentou redactar unha versión de dimensións bastante máis reducidas (arredor de 1,8 veces o texto final) corrixindo directamente sobre o manuscrito e renumerando as súas cuartillas. Naqueles casos en que as correccións eran moi numerosas, optaría por reescribir algunhas delas, o que explicaría a presenza na primeira parte desta letra de cuartillas con numeración única ou refundida. Finalmente, na segunda parte da letra, abandonaríase esta tentativa e optaría por redactar un novo manuscrito. Así se xustificaría a existencia na parte final do E de cuartillas con numeración única procedentes de dúas versións diferentes. Entre

estas dúas versións existen, ademais, algunhas diferenzas lingüísticas significativas que aboarían a nosa interpretación. Así, na redacción que interpretamos como máis antiga detectamos a presenza dalgúns trazos arcaizantes, como o sufixo *-zón*, que na versión revisada aparece corrixido en *-ción*.

Por outra banda, ademais dos textos contidos nos reversos do manuscrito final, conservamos algúns fragmentos, procedentes tamén dun manuscrito primitivo, pero neste caso pertencentes á segunda metade do dicionario. Concretamente puidemos localizar algunhas cuartillas soltas das letras S e V e un longo fragmento de 103 cuartillas da parte final da letra X (desde a voz *xudeo* ata *xuvia*). Tamén neste caso pode resultar interesante comparar a extensión da versión primitiva que reflicten estas cuartillas coa do manuscrito que serviu de base para a edición de Galaxia. Na seguinte táboa pódese ver o número de cuartilla en que figuran as voces consignadas na primeira columna e a proporción que gardan a versión primitiva e a final:

PALABRA	MS. PRIMITIVO	MS. DEFINITIVO	MS. PRIMITIVO / DEFINITIVO
<i>sopradura</i>	1269	269	471%
<i>verdugo</i>	297	78	380%
<i>xuventú</i>	677	87	778%

Os datos presentados ata o de agora permítenos avanzar xa algunhas conclusións que deberemos considerar provisionais en tanto non esteamos en condicións de realizar unha análise exhaustiva e pormenorizada do inxente volume de información que contén o legado de don Eladio. En calquera caso, non parece excesivamente arriesgado afirmar, de entrada, que existiu unha versión primitiva do dicionario, de extensión moito maior que a do manuscrito que Galaxia empregou como base para a súa edición. Esta primitiva versión podería identificarse co que no noso traballo anterior citado máis arriba denominamos manuscrito I.

A dispersión dos restos deste primeiro manuscrito, do que conservamos numerosos fragmentos correspondentes ás letras A-F no reverso do manuscrito final e algunhas cuartillas pertencentes a varias letras da segunda parte do dicionario, suxire que don Eladio puido chegar a completar a súa redacción. O feito de que o fragmento da letra X apareza datado en febreiro de 1933 permitiríanos situar arredor dese momento a finalización desta primeira versión do dicionario.

Polo que se refire á extensión desta versión primitiva, o confronto co manuscrito final permítenos asegurar que era, en xeral, considerablemente maior que este. Ora ben, cómpre recoñecer que a proporción que manteñen as dúas versións presenta

variacións significativas dependendo da letra de que se trate. Así, no fragmento A-C o número de cuartillas que ocupaba a redacción primitiva é moi semellante, lixeiramente inferior no caso das letras A e B, ao que ofrece o manuscrito definitivo. En todo caso, convirá advertir que neste fragmento, polo elevado número de cuartillas interpoladas que presenta, a numeración das cuartillas non é un elemento de todo fiable para realizar unha estimación acerca das dimensións da versión primitiva. Por mencionar só algúns dos casos máis significativos, entre a cuartilla 22 e a 23 da letra C engádense seis, correspondentes todas elas á voz *cabalo*; entre a 116 e a 117 intercálanse once en que se ofrece o paradigma completo do verbo *caír*, así como unha longa serie de locucións e refráns en que intervéñ esta palabra; entre a 210 e a 211 atopamos nove cuartillas que ofrecen sobre todo información etnográfica e enciclopédica sobre as voces *caldeira* e *caldeirada*; entre a 352 e a 353 temos vinte e nove cuartillas interpoladas en que se recollen locucións e refráns relativos á voz *can*; a 504 leva trece cuartillas anexas con información sobre a voz *cara*, etc. Non moi diferente é o que acontece nas letras A e B, e sinaladamente nesta última. Tanto pola frecuencia das interpolacións como polo número de cuartillas engadidas, tampouco neste caso a numeración dá conta da súa extensión real. Así, a título de exemplo, podemos dicir que a cuartilla 608 da letra B leva anexas outras vinte e dúas, a 483 vinte, a 489 dezasete, a 329 quince; na letra A atopamos vinte cuartillas entre a 2268 e a 2269, catorce entre a 855 e a 856, once entre a 1217 e a 1218, etc. Polo tanto, sen un confronto sistemático dos dous manuscritos resultaría sen dúbida aventurado tirarmos calquera conclusión definitiva acerca da extensión real da versión primitiva.

Pola contra, no caso do fragmento D-F, no que só moi ocasionalmente atopamos cuartillas refundidas ou interpoladas, a numeración si é un reflexo fiel da súa extensión. Como queda dito, nas letras E e F a versión primitiva sería 2,5 veces máis longa que o texto final. En cambio, no caso da letra D o texto definitivo ocuparía algo menos da metade da redacción primitiva. Deste xeito, esta letra aproximárase máis ás proporcións sinaladas para a versión revisada do manuscrito primitivo da que temos mostras correspondentes á letra E.

No caso das letras S, V e X, das que só conservamos restos fragmentarios, a proporción entre o manuscrito primitivo e o definitivo presenta xa oscilacións moi notables, que van desde o 380% que ofrece a letra V ao 778% da letra X. En calquera caso, mesmo a máis baixa destas cifras é moi superior á máis alta das rexistradas para o fragmento A-F. Esta evidente desproporción non resulta, porén, estraña se temos en conta que nas letras correspondentes á segunda metade do dicionario o manuscrito final presenta un desenvolvemento macro e microestrutural sensiblemente menor que o da primeira parte.

Cómpre agora que nos deteñamos sobre o proceso que, a partir do manuscrito primitivo, conduciu á elaboración da versión definitiva. Canto ás razóns que conduciron a Eladio Rodríguez a reconsiderar o seu proxecto lexicográfico e a reelaboralo reducindo de maneira tan drástica a súa extensión, pouco podemos engadir ao xa dito no noso traballo anterior. Así, por máis que nin daquela nin agora teñamos elementos que nos permitan aseguralo de xeito categórico, atrevémonos a aventurar a hipótese de foi precisamente o seu excesivo volume a causa, talvez o pretexto, que frustrou por dúas veces a publicación da obra. En todo caso, a existencia de versións intermedias, das que a letra E ofrece, segundo vimos, evidencias incontestables, indicaría que don Eladio ensaiou diversas fórmulas e realizou varias tentativas para reducir o manuscrito ao tamaño desexado. Deste xeito, no primeiro chanzo deste proceso, a letra E, que ocupaba algo máis de 3.200 cuartillas na versión primitiva, perdeu arredor dun terzo da súa extensión e quedou reducida a pouco menos de 2.300. Nunha segunda fase, don Eladio eliminaría aínda outro trinta por cento da extensión orixinal ata deixar o manuscrito desta letra en 1.291 cuartillas. Mesmo así, o texto resultante presenta unha evidente descompensación entre a primeira metade do dicionario, onde o manuscrito final representa de media entre un corenta e un cincuenta por cento do manuscrito primitivo, e a segunda, onde nalgunhas letras a versión definitiva ocupa pouco máis dun oitavo do que ocupaba a primeira. Esta desproporción podería deberse, sen dúbida, a que o celo redutor se foi intensificando a medida que avanzaba o proceso de reescritura. En todo caso, convirá tamén tomar en consideración o feito de que, tras ese proceso de redución, don Eladio acometeu aínda unha nova revisión, que non puido completar, para incorporar os materiais, fundamentalmente citas de autoridade, que entre tanto fora compilando. En todo caso, a incidencia desta última revisión sobre o volume da obra sería menor e de ningún xeito podería explicar a descompensación existente entre as dúas metades do dicionario.

Unha vez consideradas as posibles causas do proceso de reescritura do dicionario e cuantificado o seu impacto imponse agora que nos deteñamos nos recursos empregados para reducir a extensión da obra.

Un dos procedementos, seguramente o que máis incidencia tivo na composición do manuscrito definitivo, consiste na eliminación de entradas completas. Os exemplos que se poderían aducir son numerosísimos, ademais de facilmente localizables, pois na maior parte dos casos aparecen marcados cunha riscadura sobre o propio manuscrito primitivo. As voces eliminadas corresponden maioritariamente a cultismos e tecnicismos hiperespecializados, como se pode apreciar na seguinte listaxe que ofrecemos a modo de mostra:

catenela, cavolinia, cazabe, celerimensura, celerífero, celerímetro, celestínico, cilindrocónico, ciclindroide, cilindroscopio...

edenismo, edeoblenorrea, edeodimia, edeografía, edeográfico, edocéfalo, edoítes, edónidas, edonio, euglifa, euglífidos, euglosa, eugnato, eugnoristo, eugono, eugrafo, eulema, eulepto, eulima, eumenol, eumero, eumetopia, eumicro, eurodina...

filacia, filacio, filacoblasto, filacteria, filáctidos, filadelfeas, filadélfico, filadelfo, filadelfos, filago, filamento, filamentoso, filandria, filandro, filanteas, filanto, filandrópicamente, filantropismo, filaria, filaríose, filatelismo, filaucioso, filele, filerno, filesia, fileto, filica, filiceas, filicífero, filiciforme, filicíneas, filicoides, filicorne....

Noutros casos, os artigos eliminados corresponden a palabras derivadas de significado facilmente deducible a partir do da súa base de derivación. Así, os cinco membros con que no manuscrito primitivo conta a familia de *embirrar* (*embirración*, *embirradura*, *embirramento*, *embirrar*, *embirrase*) quedan reducidos a tres no definitivo (*embirrante*, *embirrar*, *embirrase*). Do mesmo, xeito, da familia formada por *enxalma*, *enxalmadura*, *enxalmamento*, *enxalmar*, *enxalmeiro*, *enxalmo*, só pasan ao texto final *enxalma*, *enxalmar* e *enxalmeiro*.

Finalmente, elimínanse tamén na versión definitiva numerosos artigos meramente remisivos. Tal é o caso, por exemplo, da serie *esceición*, *esceiticismo*, *esceítico*, *esceito*, *esceituar*, desde onde no manuscrito primitivo se remitía ás formas correspondentes con mantemento do grupo culto *-pt-*.

Máis ocasional sen dúbida é a refundición de dúas entradas nunha. Ocorre isto, aínda que non se pode dicir que regularmente, cando no manuscrito primitivo aparece lematizada de xeito independente a forma en plural dun substantivo xa lematizado en singular. Así, por exemplo, a forma *empanadas* ten no manuscrito primitivo unha entrada propia, independente de *empanada*, coa acepción “hablillas, chismes, cuentos, murmuraciones, cosas de comadreo”. Na versión definitiva esta acepción aparece xa agrupada baixo o lema *empanada*. En calquera caso, tampouco parece que este tipo de intervencións tivese gran relevancia na redución da extensión da versión primitiva.

Moito máis frecuentes son, en cambio, as correccións tendentes a reducir o desenvolvemento microestrutural dos artigos lexicográficos. Entre as intervencións máis comúns cabe distinguir, por unha banda, as que consisten na supresión sen máis de acepcións, nomeadamente das derivadas de procesos de extensión metafórica. Este sería, por exemplo, o caso do uso figurado de *eclipse* co significado de “obscurecemento parcial o pasajero de una cosa, pérdida de su brillo, de su lucimiento, de su mérito, de su belleza, etc.”, ou o de *femia* como “parte de una armazón o pieza en que entra o encaja otra”, que foron eliminados directamente no manuscrito definitivo.

Ora ben, fronte a casos de supresión propiamente dita como os que acabamos de ver, en non poucas ocasións os elementos eliminados, máis que acepcións en sentido estrito, poderían considerarse máis ben variantes dunha acepción xa definida que

pretenden dar conta de diversos contextos de uso frecuente da palabra en cuestión. Tal sería o caso, por exemplo, das dúas primeiras acepcións rexistradas para *embrear* no manuscrito primitivo, que quedarían cubertas pola definición máis xeral recollida na versión definitiva. Pola contra, a terceira acepción, correspondente a unha extensión metafórica, constituiría máis ben un caso de supresión análogo aos descritos no parágrafo anterior:

MS. PRIMITIVO	MS. DEFINITIVO
<p><b>embrear</b> <i>v.a.</i> Embrear, untar, cubrir con brea cualquier objeto, como los cables usados en el mar para que no se pudran. Var. BREAR. // Rellenar con brea fundida los costados o cubiertas de los buques o las costuras calafateadas. // Castigar a uno. Más comúnmente, BREAR.</p>	<p><b>embrear</b> <i>v.a.</i> Embrear, cubrir con brea cualquier objeto. Var. BREAR.</p>

Por outra banda, unha das intervencións sobre o manuscrito primitivo que máis decisivamente contribuíu a reducir a súa extensión consistiu na supresión de parte da información enciclopédica que se ofrecía como complemento das definicións. En ocasións, o fragmento eliminado é simplemente unha frase, como a que aparecía inserida tras a definición de *embolia* (“Una embolia en la arteria pulmonar puede causar la muerte”). Noutras, pola contra, a supresión afecta a un longo parágrafo, como o que recolle información de corte etnográfico e antropolóxico relativa á voz *feluxe*:

**feluxe** *s.f.* Hollín, parte negra, espesa y oleosa que deja el humo en las paredes de las chimeneas, cañones, tubos, etc. Llámase también CHAMIZO. Var. FLUXE, FOLUXE y FULUXE.

La *feluxe* es el hollín que está por encima, que vuela y que se desprende fácilmente al barrerla o pasarle una escoba o cosa semejante. La *feluxe* que está debajo, pegada, y que forma ya costra, necesitándose rasparla para hacerla desaparecer, esa se llama más bien *ferruxe*. Entre los medios vulgares de matar las lombrices de los niños figura el de frotar a éstos con *feluxe* por la nuca hasta producir una erupción. Cuando las cabecitas de los granos que forma la irritación del hollín se llenan de pus, créese que son las cabezas de las lombrices, que salen al cutis, y entonces las van cortando con una navaja de la barba, y según los granos van curando también las lombrices desaparecen.

Outro obxecto frecuente de supresión son os sintagmas, e excepcionalmente as locucións propiamente ditas, que, inseridos no artigo lexicográfico a xeito de su-

bentradas, conteñen a miúdo información puramente enciclopédica. Así, na voz *era* elimínanse as subentradas *era común*, *era do mundo* ou *era dos xudíos*; en *exército* omítense *exército confederado*, *exército feudal*, *exército irregular*, *exército libertador*, *exército nacional*, *exército neutral*, etc.; en *feldespatato* suprímese a información correspondente a unha longa serie de variedades (*compacto*, *indio*, *labrador*, *opaco*, *opalino*, *palmado*, *sonoro*, *tenaz*, *terroso*, *vidroso*, *vosxio*); en *ferida* os fragmentos eliminados inclúen tanto sintagmas de interese puramente enciclopédico (*ferida aberta*, *ferida articular*, *ferida aséptica*, *ferida empezoñada*, *ferida séptica*, *ferida subcutánea*) como unidades fraseolóxicas (*avivecel-a ferida*, *relembreal-a ferida*, *respirar pol-a ferida*, *tocar a un na ferida*).

Téñase en conta, ademais, que non poucas das entradas que foron enteiramente eliminadas no manuscrito definitivo contiñan un importante volume de información enciclopédica, coma se pode apreciar na voz *fenicio*:

**fenicio, cia** *adj.* y *s.* Natural de Fenicia, la región de Siria que limitaba con el Mediterráneo. // Pertenciente o relativo a dicho país del Asia antigua. // *s.m.* Lengua semítica hablada por los fenicios.

Algunos de nuestros historiadores dan como indudable la presencia de los fenicios en Galicia, suponiendo que su condición de grandes comerciantes y navegantes hízoles extender sus excursiones marítimas hasta este país, donde encontraron las riquezas minerales de cuyas explotaciones aún se conservan huellas, y que ellos debieron beneficiar y llevar, a cambio de objetos de vidrio que fabricaban con perfección suma. Nuestros metales pudieron servirles para adiestrarse en el arte de cincelarlos, y el símbolo dibujado en la *pedra da Serpente*, que existe en Gundemil (La Coruña), constituye un indicio muy vehemente de su culto, ya que la serpiente fue conocida como divinidad semítica por ellos. Entre las fiestas que dedicaban a algunos de sus dioses figuraba la de encender todos los años una gran hoguera en un día determinado, no faltando quienes digan que nuestras tradicionales *fogueiras* de la noche de San Juan tienen su origen en aquella costumbre fenicia.

Os exemplos ofrecidos constitúen só unha pequena mostra, obtida nun primeiro escandallo no inxente volume de datos que conteñen as cuartillas da versión primitiva do dicionario. Evidentemente, resultaría prematuro tirar conclusións definitivas mentres non esteamos en condicións de ofrecer unha edición sistemática de todos estes materiais. En calquera caso, entendemos que si poden servir, cando menos, para termos unha idea aproximada da reorientación que experimentou o proxecto lexicográfico de Eladio Rodríguez despois de 1933.